



Boletín Sindical

Nº 92 - 2026

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación



CONTRA A PRECARIIDADE E A DESIGUALDADE

Este ano 2026 chamamos a facer do 10 de Marzo unha xornada de mobilización en todas as comarcas de Galiza baixo o lema **CONTRA A PRECARIIDADE E A DESIGUALDADE, NA GALIZA: TRABALLO DIGNO, POBO CON DEREITOS**.

Desde o ano 1972, o sindicalismo nacionalista celebra o 10 de Marzo, **DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA**. Nesta data conmemoramos as mobilizacións protagonizadas pola clase traballadora galega en 1972, durante as que foron asasinados en Ferrol, pola policía franquista, os traballadores da antiga Bazán, Amador e Daniel.

Loita pola liberdade, contra a precariedade das condicións de traballo, por salarios xustos, por defender

a negociación colectiva en Galiza, que están vixentes e que son de actualidade.

A necesidade da mobilización é o camiño necesario para dar resposta a unha crúa realidade marcada polo empobrecemento xeneralizado, os baixos salarios e a desigualdade que veñen impoñendo as políticas neoliberais e as reformas laborais do 2012 (aprobada polo PP) e 2022 (acordada, no chamado diálogo social, polo Goberno español actual, CCOO, UGT e a patronal).

A crecente carestía da vida diminúe o poder adquisitivo dos salarios e das pensións públicas, mentres o acceso a unha cesta da compra e a unha vivenda está convertido cada día nunha misión imposible e de resultado incerto.

NA GALIZA TRABALLO DIGNO POBO CON DEREITOS



10 DE MARZO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA



Confederación Intersindical Galega



Temos que denunciar que se queira impoñer a normalización da precariedade laboral, a imposición do traballo a tempo parcial e a dos contratos fixos descontinuos, mentres a temporalidade segue existindo, as condicións laborais e os salarios son peores e con maior risco de pobreza.

Todo isto nunha realidade na que o capitalismo neoliberal cada vez aperta máis os gobernos, mesmo os autoproclamados de esquerda, marcándolles duramente o camiño para afondar en políticas máis neoliberais e máis depredadoras, que deben sen impostas a toda custa. Xa non necesitan o chamado diálogo social, nin teñen que cumprir con mínimos democráticos, como tampouco van respectar as liberdades públicas e os dereitos de folga e mobilización. En todo caso, buscan criminalizar a resposta social.

Velaí a radicalización da dereita, o auxe da ultradereita e fascismo promovido por un capital que quere máis ganancia sen importar os medios.

Os discursos e prácticas, cada vez máis perigosas do PP de Galiza, como correa de transmisión do PP español, son a proba de todo isto, como o é o seu lamentábel papel competindo con VOX nunha axenda española, machista e belicista ante a situación internacional.

Estamos metidos de cheo nunha situación inter-

nacional marca polo medre perigoso da ofensiva imperialista encabezada polos Estados Unidos con toda a súa maquinaria de guerra e destrución.

Por iso, cómpre rachar coa globalización neoliberal e co imperialismo que os EUA queren manter con toda a agresividade, o lume, o sangue e a morte que necesite. Sexa en Grenlandia, Venezuela, Irán, Cuba, etc.

A crise actual da Unión Europea, así como a súa irrelevancia no contexto global, non se pode afrontar coa consigna de máis Europa, que é cada vez máis de extrema dereita, máis servil aos Estados Unidos. A degradación da UE vai en aumento canto máis chama a aumentar o gasto militar, a facer acordos que arrasan o noso agro e pesca, a se reafirmar nunha UE dos Estados e do capital, en negarse a camiñar cara a Europa dos pobos e das nacións e da xustiza social.

Desde a CIG temos claro que temos de fuxir da confusión que toda esta situación está a causar, asumindo que hai facer máis sindicato, máis mobilización, máis loitas empresa a empresa, convenio a convenio, implicándose nas diferentes loitas sociais que temos por diante para irmos construíndo poder popular co que avanzar en dereitos, conseguir dos Gobernos políticas alternativas e facer real o noso chamado deste 10 de Marzo: NA GALIZA, TRABALLO DIGNO, POBO CON DEREITOS.

**NA GALIZA TRABALLO DIGNO
POBO CON DEREITOS**



MOBILÍZATE COA CIG



Confederación Intersindical Galega

Concentración As Pontes:

20h. Praza de América